

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN09	Hixiene bucodental	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0735	Educación para a saúde oral	2023/2024	5	105	105

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ALBERTO-IGNACIO MORALES CAMACHO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título de técnico superior en Hixiene Bucodental consiste en promover a saúde bucodental das persoas e da comunidade, mediante o desenvolvemento de actividades preventivas e técnico-asistenciais que inclúen a exploración, a avaliación, a promoción e a realización de técnicas odontolóxicas en colaboración co/coa odontólogo/a ou co/coa médico/a estomatólogo/a.

A realización por parte do técnico de labores de Educación para a saúde oral faise necesaria para adquirir esta competencia, ademais de ser unha parte fundamental do traballo do técnico en Hixiene bucodental. E neste sentido van orientadas as aprendizaxes recollidas neste módulo profesional, destinadas a outorgar ao alumnado os coñecementos e as destrezas necesarias para planificar e realizar tarefas de promoción da saúde oral e prevención da enfermidade oral, verificando os criterios de avaliación establecidos para este módulo no currículo oficial.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O concepto de saúde e a educación para a saúde. Aplicación ao ámbito bucodental	Expón as bases en en educación para a saúde como disciplina desenvolvida a partir da saúde pública relacionada no ámbito da odontoloxía	20	20
2	A programación de actividades de Educación para a saúde oral	Recolle a necesidade dunha planificación en educación para a saúde oral	15	15
3	A transmisión da información sobre saúde bucodental	Trata a comunicación como extratexia para o cambio das condutas en educación para a saúde oral	15	15
4	Técnicas de recollida e preparación da información no ámbito da Educación para a saúde	Aborda as técnicas de recollida de información das poboacións referida a saúde bucodental. Métodos de tratamento e valoración cuantitativos e cualitativos	18	15
5	As técnicas de avaliación de programas en Educación para a saúde oral	Aplica técnicas de avaliación en programas de educación para a saúde oral en todos os niveis é fundamental para acadar os obxectivos propostos	15	15
6	A posta en marcha dun programa de Educación para a saúde oral	Elabora un programa de educación para a saúde oral é fundamental para consolidar as aprendizaxes	22	20

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O concepto de saúde e a educación para a saúde. Aplicación ao ámbito bucodental	20

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Obtén información referente a saúde bucodental para caracterizar grupos e persoas, logo de seleccionar técnicas específicas	NO
RA3 - Prepara información sobre saúde bucodental, logo de seleccionar os contidos en función do grupo diana	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Diferenciáronse os conceptos de saúde e doenza, e de saúde pública e comunitaria
CA1.1.1 Contrapuxéronse os conceptos de saúde e doenza
CA1.1.2 Especificáronse as fases da historia natural da doenza
CA1.1.3 Identificouse a finalidade da saúde pública e comunitaria
CA1.2 Relaciónouse o concepto de odontoloxía preventiva e co de odontoloxía comunitaria
CA1.2.1 Definíronse os conceptos de odontoloxía preventiva e co de odontoloxía comunitaria
CA1.2.2 Identifícanse os aspectos comúns e as contraposición entre odontoloxía preventiva e co de odontoloxía comunitaria
CA1.3 Identifícanse os niveis de prevención, os seus obxectivos e as súas accións
CA1.3.1 Clasifícanse os niveis de prevención da enfermidade
CA1.3.2 Sinaláronse obxectivos e accións dos niveis de prevención
CA1.4 Relaciónáronse os tipos de determinantes de saúde cos factores que afectan a saúde bucodental a nivel individual e colectivo
CA1.4.1 Identifícanse os distintos determinantes de saúde
CA1.4.2 Asociáronse os determinantes de saúde cos factores que afectan á saúde bucodental a nivel individual e colectivo
CA1.5 Enumeráronse os factores protectores e prexudiciais para a saúde oral
CA1.5.1 Establecéronse as circunstancias e medios que actúan como factores predispoñentes para problemas bucodentais
CA1.5.2 Valoráronse os efectos de acción protectoras sobre a saúde bucodental
CA1.10 Utilizouse a terminoloxía básica relacionada coa saúde pública, a promoción e a educación para a saúde
0 CA1.10.1 Formáronse glosarios de terminoloxía específicos

Criterios de avaliación
0 CA1.10.2 Diferenciáronse os términos en función da súa procedencia e aplicación
CA1.11 Caracterizáronse os principais modelos en EpS
CA1.12 Recoñecéronse os campos de actuación e axentes en EpS
CA3.7 Organizáronse os contidos que cumpra transmitir nas actividades de promoción da saúde e prevención de doenzas bucodentais
CA3.8 Consultouse bibliografía para actualizar a información relacionada coa prevención das doenzas bucodentais
CA3.9 Manifestouse iniciativa na procura e no estudo de nova información

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Saúde e doenza. Saúde pública e comunitaria. Historia natural da doenza e niveis de prevención. Odontoloxía comunitaria.</p> <p>Saúde e doenza</p> <p>Saúde pública e comunitaria</p> <p>Historia natural da doenza e niveis de prevención</p> <p>Odontoloxía comunitaria</p> <p>Incidencia e prevalencia da enfermidade</p> <p>Determinantes de saúde.</p> <p>Modelo Lalonde</p> <p>Educación para a saúde: obxectivos, contidos e áreas de aplicación.</p> <p>A Educación para a saúde: concepto e caracteres</p> <p>Áreas de aplicación da educación para a saúde (CA1.3)</p> <p>Finalidade das Intervención da EpS na Sociedade. Principais obxectivos</p> <p>Modelos en Educación para a saúde</p> <p>Campos de actuación e axentes en Educación para a saúde</p> <p>Selección de contidos para a prevención das doenzas bucodentais.</p> <p>Información para transmitir en actividades de promoción de saúde bucodental.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A programación de actividades de Educación para a saúde oral	15

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Organiza accións de educación e promoción da saúde, programando actividades para diferentes situacións e persoas	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbóronse os niveis e as etapas da planificación sanitaria
CA2.2 Establecéronse prioridades de intervención segundo as características de cada grupo
CA2.2.1 Detectáronse as necesidades de intervención segundo as características de cada grupo
CA2.2.2 Identifícaronse prioridades de intervención segundo as características de cada grupo
CA2.3 Definíronse os obxectivos que cumpra lograr en diversos programas de intervención sanitaria
CA2.4 Enumeráronse as actividades do programa en función dos obxectivos
CA2.5 Deseñáronse actividades adaptadas ás persoas e aos colectivos receptores da acción
CA2.6 Secuenciáronse as actividades e asignáronse tempos de realización
CA2.6.1 Identifícaronse os calendarios de operacións para a secuenciación das actividades
CA2.6.2 Recoñecéronse as estruturas de rede para a secuenciación das actividades en programas de educación para a saúde
CA2.7 Identifícaronse os recursos necesarios para o desenvolvemento das actividades
CA2.8 Elaboráronse materiais de traballo en función das persoas e os grupos participantes
CA2.8.1 Identifícaronse os materiais de traballo en función das persoas e os grupos participantes
CA2.8.2 Propuxéronse exemplos de materiais de traballo en función das persoas e os grupos participantes
CA2.9 Desenvolvéronse proxectos de educación para a saúde bucodental promovidos por institucións
CA2.9.1 Analizáronse proxectos de educación para a saúde bucodental promovidos por institucións
CA2.9.2 Identifícaronse os elementos integradores de proxectos de educación para a saúde bucodental promovidos por institucións
CA2.10 Utilizáronse aplicacións informáticas específicas para actividades de promoción da saúde

4.2.e) Contidos

Contidos

Contidos

Planificación sanitaria: niveis e etapas.

Planificación de programas e actividades de promoción e educación para a saúde.

Método Hanlon

Taxonomía de necesidades de Bradshaw

Formulación de obxectivos.

Metodoloxía: clasificación de métodos.

Selección e preparación de recursos.

Deseño e secuencia de actividades.

Calendarios de operacións e estruturas de rede

Proxectos de educación para a saúde bucodental promovidos por institucións.

Modelo PRECEDE - PROCEED (CA 2.9)

Aplicacións informáticas utilizadas en actividades de promoción da saúde.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A transmisión da información sobre saúde bucodental	15

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Informa sobre saúde bucodental a persoas e grupos, analizando técnicas adaptadas ás súas características e á súa motivación	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícaronse as técnicas, os elementos e os tipos da comunicación
CA4.2 Determináronse os requisitos e as dificultades inherentes ao proceso comunicativo
CA4.3 Determináronse as características das persoas que vaian recibir a información
CA4.4 Informouse de xeito claro, correcto e adaptado en diferentes situacións
CA4.5 Caracterizáronse as técnicas de motivación, as súas fases e os seus requisitos
CA4.6 Identifícaronse os valores máis motivadores para as persoas e os grupos implicados
CA4.7 Aplicáronse técnicas de motivación e reforzo en distintas situacións
CA4.8 Aplicáronse técnicas para comprobar o nivel de comprensión das persoas ou dos grupos receptores
CA4.9 Identifícaronse as técnicas e os fundamentos máis básicos de modificación de comportamento no ámbito da promoción da saúde bucodental
CA4.10 Amosouse respecto por persoas con perspectivas e forma de vida diferentes

4.3.e) Contidos

Contidos
Comunicación: elementos e tipos.
Proceso comunicativo: requisitos e dificultades.
Técnicas de comunicación e de información.
Técnicas de motivación.
Modificación do comportamento en procesos de saúde.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Técnicas de recollida e preparación da información no ámbito da Educación para a saúde	18

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Obtén información referente a saúde bucodental para caracterizar grupos e persoas, logo de seleccionar técnicas específicas	NO
RA3 - Prepara información sobre saúde bucodental, logo de seleccionar os contidos en función do grupo diana	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Consultáronse fontes para obter información sobre os grupos diana
CA1.7 Utilizáronse técnicas para recoller información sobre saúde bucodental e doenza de persoas e colectivos
CA1.7.1 Identifícanse as técnicas de investigación mais axeitadas para o estudo
CA1.7.2 Desenvolvéronse os métodos de aplicación
CA1.8 Seleccionouse información relacionada co grupo diana
CA1.9 Organizouse a información en función de obxectivos
CA3.1 Interpretáronse as finalidades previstas nos obxectivos
CA3.2 Identifícanse as características do grupo diana
CA3.2.1 Analizáronse as características do grupo diana
CA3.2.2 Recoñécéronse as principais técnicas de investigación social para definir o grupo diana
CA3.3 Analizáronse as características da información que se vaia transmitir
CA3.4 Identifícanse as dificultades dos coñecementos que se vaian transmitir
CA3.5 Seleccionouse a información en función da idade e das características do grupo receptor
CA3.6 Adaptáronse os contidos a persoas ou grupos con características e patoloxías específicas

4.4.e) Contidos

Contidos
Técnicas de recollida de información. Fontes de información. Datos epidemiolóxicos. Indicadores de saúde e de saúde bucodental. Enquisas. Entrevistas e cuestionarios.
Técnicas de recollida de información
Fontes de información
Datos epidemiolóxicos

Contidos

Indicadores de saúde e de saúde bucodental

Enquisas. Entrevistas e cuestionarios

Técnicas de investigación social (CA3.2)

Programas de educación para a saúde na infancia, na adolescencia, naidade adulta e na senectude.

Programas de educación para a saúde en persoas con características específicas.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	As técnicas de avaliación de programas en Educación para a saúde oral	15

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Aplica técnicas de avaliación de programas de educación para a saúde, tendo en conta a relación entre os obxectivos e os resultados obtidos	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Identifícaronse instrumentos para a avaliación de actividades
CA6.1.1 Entendeuse a metodoloxía empregada para a avaliación de actividades
CA6.1.2 Recoñecéronse os instrumentos para a avaliación de actividades
CA6.2 Formuláronse criterios para avaliar a consecución dos obxectivos programados na intervención sanitaria
CA6.3 Diferenciáronse os instrumentos que cumpra aplicar en función do obxectivo da acción avaliativa
CA6.4 Preparáronse instrumentos para a avaliación de actividades de educación para a saúde
CA6.5 Utilizáronse instrumentos para avaliar as actividades desenvolvidas no programa
CA6.6 Establecéronse medidas correctoras e de reforzo para os casos en que non se consigan os obxectivos previstos
CA6.7 Respectáronse os criterios establecidos nos protocolos de actuación

4.5.e) Contidos

Contidos
Acción avaliativa: obxectivos e funcións
Tipos de avaliación.
Técnicas e instrumentos de avaliación.
Métodos de avaliación (CA6.1)

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	A posta en marcha dun programa de Educación para a saúde oral	22

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Pon en práctica actividades de educación e promoción de saúde bucodental, previamente seleccionadas en función das características dos grupos	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Interpretáronse os obxectivos e a metodoloxía de campañas de promoción da saúde
CA5.2 Respectáronse as fases de aplicación de programas de educación sanitaria
CA5.3 Utilizáronse materiais impresos, audiovisuais, aplicacións informáticas, etc
CA5.4 Adaptáronse os recursos ás características das persoas e dos grupos receptores
CA5.5 Desenvolvéronse actividades de promoción da saúde
CA5.6 Aplicáronse técnicas de animación e dinámica de grupos para conseguir a implicación e a colaboración da poboación
CA5.7 Utilizáronse aplicacións informáticas específicas
CA5.8 Respectáronse os tempos marcados na planificación realizada
CA5.9 Resolvéronse adecuadamente situacións non previstas
CA5.10 Manifestouse interese polo traballo en equipo

4.6.e) Contidos

Contidos
Actividades de promoción e educación para a saúde. Técnicas de poste en práctica.
Análise e interpretación de programas de educación para a saúde.
Desenvolvemento de actividades de educación e promoción da saúde.
Aplicación de técnicas de grupo.
Aplicacións informáticas específicas.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES

Serán mínimos exigibles todos os criterios de avaliación (CA) indicados como mínimo exigible para cada Unidade Didáctica nesta programación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Coa finalidade de avaliar o alumnado, emitirase unha cualificación trimestral para o informe de avaliación correspondente, que será a media ponderada das cualificacións obtidas ao longo do trimestre, de acordo coas seguintes indicacións:

- Unha parte teórica que representa o 60% da cualificación global correspóndese coa suma dos CA's asociados co instrumento de avaliación proba escrita (PE) aplicados sobre os exames teóricos. Estas probas poderán constar de:

- a) De resposta curta
- b) Tipo test de resposta única
- c) De relacionar
- d) De sinalar verdadeiro ou falso.
- e) Resolución de casos prácticos ou problemas

Os exames ensinaranse ao alumnado corrixidos e cualificados e quedarán arquivados en poder do profesor.

- Unha parte práctica que representa o 40% da nota global, e correspóndense coa suma dos CA's asociados co instrumento de avaliación "táboa de observación" (TO) e "lista de cotexo" (LC) que serán aplicados sobre todos, ou algúns, dos seguintes elementos:

- a) Proba práctica, na que o alumnado debe resolver supostos prácticos propostos polo profesor.
- b) Realización de infografías, proxectos e outras tarefas de aula propostas.

NOTAS ACLARATORIAS

- Para poder superar o módulo en modalidade ordinaria será imprescindible ter entregado antes da data establecida para a avaliación, todas as tarefas avaliadas realizadas durante o trimestre. Esta data de entrega será comunicada con anterioridade polo profesor. Sempre que sexa posible o método de entrega será a aula virtual do CIFP Manuel Antonio.

- Ao final de curso todas as tarefas avaliadas quedarán en poder do profesor.

- As cualificacións obtidas en cada un dos instrumentos de avaliación empregados farán media a partir de 5 sobre 10.

- Os alumnos que teñen algunha parte suspensa: nota do 1 ó 4, será indicativo de que teñen que facer algunha actividade de recuperación, daquelas partes que teñan pendentes, e ata a súa superación a súa cualificación será como máximo un 4.

- As recuperacións da parte ou partes non superadas serán despois da entrega do boletín de notas no caso da primeira avaliación e previo ao acceso a FCT en marzo.

- Si se suspende a recuperación o alumnado terá que asistir a clase no período marzo-xuño para realizar actividades de recuperación.

- A nota final de curso será a suma ponderada de cada unidade didáctica segundo o reflectido nesta programación didáctica, sempre e cando estean superadas.

- Para realizar a media, emprégase a nota con decimais obtida en cada avaliación.

- A nota final exprésase sen decimais, aproximando ao número enteiro máis próximo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A recuperación enténdese non só como exame de recuperación, senón como actividade de recuperación; é unha parte máis do proceso de ensinanza-aprendizaxe e iníciase en canto se detecta a deficiencia no alumnado, no seguimento da súa evolución, realizando con él/ela actividades complementarias de reforzo e apoiando aqueles puntos onde ten dificultades. Si, aínda así, o alumno/a non supera a avaliación, programaranse actividades de recuperación que terán por obxecto orientar a aprendizaxe destes alumnos/as, permitíndolle solventar as súas carencias de aprendizaxe.

As actividades de recuperación serán semellantes ás actividades propostas nas distintas unidades didácticas, e sempre programadas cun nivel crecente de dificultade.

En canto as probas de recuperación, contémplanse dúas posibilidades:

- Recuperación da primeira avaliación se non foi superada despois do período non lectivo de nadal.
- Recuperación das avaliacións non superadas previa ao acceso a FCT en marzo (para alumnos/as que teñen suspensas algunha das dúas avaliacións ou o módulo completo).

Si se suspende a recuperación o alumnado terá que asistir a clase no período marzo-xuño para realizar actividades de recuperación.

O exame de recuperación consistirá na realización dunha proba teórico - práctica. Ademais, é obrigatoria a entrega das tarefas avaliábeis non superadas de cada avaliación para a súa recuperación.

Cada unidade didáctica vai acompañada de actividades de reforzo con cuestións ou casos prácticos, no seu caso, sobre os contidos da mesma. A realización destas actividades de reforzo constitúe unha boa axuda para a recuperación. O profesor estará dispoñible para que o alumnado pregunte as dúbidas que se lle formulen ao repasar tanto os contidos teóricos coma as cuestións prácticas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Neste módulo prodúcese a perda do dereito á avaliación continua por falta de asistencia non xustificada a 10,5 horas de clase (10% do total), o que supón unhas 11 sesións.

A situación de Perda de dereito de avaliación continua será comunicada polo titor por escrito ao alumnado para que teña constancia da mesma.

Na data publicada na aula virtual do módulo o alumnado con PD someterase a unha proba extraordinaria previa a avaliación final de módulos, tal como establece o artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011 para avaliar a adquisición dos resultados de aprendizaxe:

1. Proba escrita: 60% da cualificación total.
2. Proxecto de Educación para a saúde oral: 40% da cualificación total.

Ambos instrumentos de avaliación serán valorados sobre 10. A nota calcularase sumando a cualificación dos dous instrumentos anteriores, sempre e cando se alcance a nota mínima de 5 en cada un. Para realizar esta suma, emprégase a nota ponderada con dous decimais. A nota da

avaliación extraordinaria exprésase sen decimais, aproximando ao número enteiro máis próximo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Realízase mensualmente o seguimento da programación na aplicación informática implantada para tal fin. Este seguimento será comentado nas sucesivas reunións de departamento, segundo indica o procedemento. No seguimento detalláranse as razóns no desvío do cumprimento da programación, coa fin de corrixir as posibles carencias ou axustar en cursos sucesivos, a programación a situación real.

Levarase a cabo unha reunión mensual de todo o equipo docente do curso para levar a cabo o seguimento da programación onde avaliarase a programación desenvolta nese período e sinaláranse aquelas actividades que non se puideron realizar e as súas causas; asemade as melloras e cambios que se deberían acometer para mellorar a evolución do grupo. Ao remate de dita reunión levantarase unha acta polo titor do curso onde quede reflexado o seguimento.

Respecto a avaliación da práctica docente se deberá contemplar unha análise persoal e con sentido crítico da marcha do curso e os resultados académicos, comprobando se o alumnado acadou os resultados de aprendizaxe sinalados. Será levada a cabo a través dun cuestionario ao remate da primeira avaliación e ao finalizar o módulo (recabarase información sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula ou no taller, técnicas de avaliación e valorárase se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas).

Ao remate do curso, realízase a Memoria final do módulo segundo o modelo establecido (MD.85.PRO.04), na que se incluírán todas as propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán de base para a elaboración da programación do vindeiro curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realízase unha avaliación inicial, sen cualificación para o alumnado, para coñecer o dominio de ferramentas e conceptos básicos en saúde, hixiene e técnicas de comunicación para así saber con que nivel comezar a traballar a módulo profesional.

Esta avaliación inicial farase realizando preguntas sobre as unidades, ferramentas imprescindibles para realizar os casos prácticos; e que permiten acadar os obxectivos mínimos do módulo, ademais do uso das ferramentas informáticas para poder suplir as carencias que se detecten nestes aspectos. Coa avaliación inicial trátase de establecer os coñecementos previos do alumnado, así como as súas aptitudes, capacidades e, incluso, motivación.

Outro aspecto importante relativo a avaliación inicial é que permite descubrir posibles necesidades de atención específica no alumnado, o que permite deseñar medidas de reforzo educativo e medidas de atención a diversidade.

A enquisa de avaliación inicial do alumnado realizada polo titor co apoio do Departamento de Orientación, no marco do sistema de control da calidade do centro, constitúe unha ferramenta fundamental que contribúe a descubrir posibles necesidades de atención específica no alumnado, o que permite deseñar medidas de reforzo educativo e medidas de atención a diversidade. Segundo o artigo 28 da Orde do 12 de Xullo de 2011, o/a titor/a levantará acta dos acordos da sesión de avaliación inicial do equipo docente, e remitirá copia á Xefatura de Estudos.

En cada unidade didáctica, na presentación da mesma, tamén se farán preguntas para saber cal é a base que teñen os alumnos/as ou que preconceptos teñen. Así mesmo, as reunións mensuais de equipo docente permite facer o seguimento do grupo no seu conxunto e de cada

alumno/a, en particular, coa fin de deseñar estratexias para mellorar o ensino e aprendizaxe do alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Como se xustifica no apartado anterior, as medidas para a atención á diversidade do alumnado son unha medida destinada para dous tipos de necesidades. Por unha banda, os alumnos e alumnas que necesiten axuda porque non alcanzaron os obxectivos propostos como básicos para os que se indican actividades de reforzo. Polo outro, aqueles alumnos que realizaron as actividades de desenvolvemento de forma satisfactoria, e contan con capacidades que lles permitan unha ampliación de coñecementos, para os que achegaremos actividades de ampliación. Como se pode observar na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, como medidas de tipo ordinario, a atención á diversidade do alumnado ten unha resposta en tres planos:

- a. Na propia programación que se realiza a través do desenvolvemento das unidades didácticas.
- b. Na posta en práctica da programación, que está aberta ao profesor para que introduza as variacións convenientes e acomode a súa metodoloxía ás necesidades do alumnado.
- c. Nas diversas posibilidades dos materiais. Isto comprende en primeiro lugar ao alumnado, por exemplo mediante actividades de reforzo, actividades de ampliación, plans persoais de aprendizaxe, etc.

No marco do anteriormente citada ORDE do 8 de setembro de 2021, para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE), poden empregarse medidas de adaptación. Estas medidas deben elaborarse acorde ao informe do alumno realizado polo Departamento de Orientación, e buscando a cooperación de todo o equipo docente do ciclo.

Ademais, de acordo co artigo 61 do decreto 114/2010 do 1 de xullo e o artigo 15 da Orde do 12 de xullo de 2011, o alumnado con necesidades educativas especiais, con arranxo a o establecido no artigo 73 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de modo fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta da establecida con carácter xeral, isto poderá ser levado a cabo en función dos datos obtido na avaliación inicial e informes asociados e sempre coa colaboración do Departamento de Orientación Educativa e Inspección Educativa.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

No artigo 2 do Decreto 114/2010 do 1 de xullo, explica que unha das finalidades da formación profesional dirixirse a conseguir o desenvolvemento integral da persoa á marxe dos estereotipos e dos papeis en función do sexo, ou rexeitamento de toda forma de discriminación e a garantía dunha orientación académica e profesional non condicionada polas diferenzas sexuais. Ademais, segundo o devandito artigo na preparación das persoas cobrará singular importancia a transmisión de actitudes e normas para un desempeño profesional respectuoso co medio, cumpridor ca normativa de seguridade e prevención de riscos laborais, e procurando a calidade e a mellora continua da súa actividade profesional, e o seu espírito emprendedor.

Cabe destacar que desde a formación profesional tamén deféndese a igualdade entre mulleres e homes. Así, no artigo 45 do Decreto 114/2010 do 1 de xullo, podemos observar que en caso de empate á hora de xestionar a admisión do alumnado a un ciclo formativo, co fin de fomentar as vocacións nas áreas con menor representación de mulleres ou de homes, seleccionárase en virtude do sexo menos representativo na área profesional en que se demande a praza de formación.

Finalmente, non debemos esquecer a educación medioambiental, un aspecto transversal moi importante hoxe en día, polo que se empregará a aula virtual usando o menor papel posible, ademais de incidir na importancia do uso sostible de recursos. Por último, ao longo do módulo

traballarase a educación para a saúde, entendendo ao ser humano como un ser biopsicosocial, no que incidiremos na importancia tanto da saúde física como mental e social.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Se é posible realizarase unha saída a finais do primeiro trimestre á unha asociación ou escola, onde elaborarse un taller de saúde oral coa poboación receptora para fomentar unha boa hixiene oral. Para que os alumnos e alumnas poidan aproveitar a saída correctamente, previamente facilitaráselles unha charla no centro educativo por parte de persoal experto no ámbito da saúde oral. É unha actividade interdisciplinar con outros módulos do ciclo: intervención bucodental, exploración da cavidade oral e epidemioloxía da saúde oral. Esta actividade:

- Cumpre coa normativa das actividades complementarias D7/1999 de 7 de xaneiro.
- Traballa temas transversais como a iniciativa emprendedora ou a PRL tal e como recolle o RD1147/2011 de 29 xullo.

Así mesmo contémpase a asistencia a charlas ou xornadas... con temáticas relacionadas ca saúde oral que xurdan ao longo do curso dentro do ciclo formativo.

10.Outros apartados

10.1) Información ao alumnado

Ao comezar o curso a programación didáctica explicase na aula ao alumnado, facendo especial fincapé nos criterios da avaliación e os mínimos esixibles, e estará dispoñible na aula virtual do CIFP Manuel Antonio para poder consultala ao longo de todo o curso.

10.2) Probas escritas e tarefas avaliáveis

Tras a realización das diferentes tarefas avaliáveis do módulo profesional será publicada a cualificación a través da Aula virtual do CIFP Manuel Antonio. No caso dos exames indicárase unha data para a súa revisión co profesor. De modo que o alumnado que o desexe poderá revisar e comentar a cualificación. Posteriormente quedarán arquivados no centro educativo.

10.3) Bibliografía recomendada

Ananza Esteban, A. (2005) Educación sanitaria y promoción de la salud. Madrid: Editex.

Morillo Velázquez, J.M. (2022): Educación para la salud oral. Madrid: McGrawHill.

Piédrola Gil (2016): Medicina preventiva y salud Pública. Barcelona: Elsevier.

Sánchez Hueso, C. (2017): Educación para la salud oral. Madrid: Síntesis.